



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

DISCURSO DA TOMA DE POSESION CELEBRADA O DIA 03/07/2015

Concelleiras e concelleiros de Ordes, funcionarios e persoal municipal, medios de comunicación...

Veciñas e veciños:

Bos días e moitas grazas.

Grazas aos concelleiros e concelleiras que co seu apoio me acaban de elixir alcalde de Ordes.

Grazas ao equipo que me precedeu, porque estou seguro de que con erros e con acertos, trataron de facer o mellor para Ordes.

Recoñecemento extensivo tamén para todos os integrantes de corporacións municipais pasadas –de todas-, por ter traballado en Ordes e para Ordes.

Grazas aos meus amigos, polo apoio incondicional nesta andaina, que nos ten hoxe aquí, pero como sempre dixemos, dicimos e diremos, aínda ten que continuar, pois é moito o traballo por facer.

Grazas a todos e cada un dos que formastes parte da familia do Partido Popular de Ordes en 2011 e en 2015; compañeiros de candidatura, colaboradores, afiliados e simpatizantes. Sen vós, este acto xamais tería sido posible.

Permitíndeme un agradecemento especial para a miña familia, por seguir confiando en min todo este tempo, desde que decidín implicarme na política. A emoción e a honra que supoñen ser hoxe o alcalde do pobo no que nacín, ben mereceron a pena.

E grazas, a todos os veciños e veciñas de Ordes; aos que hoxe nos acompañan neste acto, e aos que quedaron nas súas casas.

Tanto os veciños que nos votaron, como os que optaron por brindar o seu apoio a outras candidaturas, ou os que preferiron absterse, poden ter a seguridade de que desde agora, desde o minuto cero da lexislatura, serei o alcalde de todos os ordenses.

Cometeremos erros, seguro, porque errar é de humanos, e só está a salvo das equivocacións quen nada fai e nada intenta, pero poden estar seguros de que nin serán intencionados, nin buscarán facerlle dano a ninguén de maneira deliberada.

A política, tamén neste municipio, atravesamos momentos convulsos por mor da escasa credibilidade que os políticos lle merecemos a un elevado número de veciños e veciñas. Pero son dos que pensan que a situación é reversible.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Para iso, para recuperar a credibilidade (e falo da que atinxe ás decisións a tomar dentro desta Casa Consistorial que nos acolle) será necesario actuar sempre coa máxima exemplaridade e transparencia, unha actitude que reclamei aos demais cando o considere necesario, e que foi, é, e seguirá sendo sempre, a miña principal regra de comportamento; na vida persoal, na vida profesional e na vida política. Porque dificilmente se pode dissociar unha das outras.

Dixen durante a campaña electoral que o meu despacho, e o dos meus concelleiros, estarán permanentemente abertos a quen queira trasladar unha queixa, ou facer unha suxestión. E dixen tamén que o alcalde ou un concelleiro do Goberno atenderían os veciños un sábado de cada mes (a maiores, por suposto, de que o fagamos en días laborables) porque hai xente que non pode desprazarse ao Concello durante a semana. As promesas fanse para ser cumpridas. E a partir do luns, tomarei posesión do despacho atendendo nel a quen o precise. Porque os despachos son para iso, para atender os veciños e veciñas, que son os que nos elixen e aos que nos debemos, hoxe e sempre.

E tamén dixen que non podo prometer imposibles. Pero si afirmo que tratarei de responder con todo o meu esforzo á enorme responsabilidade que me acaba de ser confiada.

Presenteime ás eleccións municipais, ao igual que os restantes compañeiros de candidatura, para servir aos veciños, non para servirme deles.

Tanto os meus compañeiros coma min exerceremos o goberno local con responsabilidade e con xenerosidade, sen máis limitacións que o respecto á Lei e a igualdade de oportunidades para todos e todas. Que ninguén agarde de nós tratos de favor, pero tampouco discriminacións, porque así considero que debe ser, e porque ese foi un dos encargos que recibín das urnas o pasado 24 de maio.

Pertenzo a unha xeración aínda moi nova, a de 1977, que nacemos case ao carón da Democracia, e se me atrevín a empregar en múltiples ocasións a palabra CAMBIO na campaña electoral, é para agora facelo efectivo e palpable por todos e todas no día a día. Non estou aquí para propoñer un mero cambio de goberno; estou aquí acompañado de quen me brindou o seu apoio e formou parte da candidatura que encabecei, decidido a cumprir un programa, como se dun contrato se tratase; e a escoitar con humildade aos nosos veciños e paisanos para saber que é o fundamental e que o accesorio.

Esa mesma man tendida que ofrezco a todos os veciños e veciñas esténdoa aos restantes membros da Corporación municipal porque, como dixen, insisto, estamos aquí para servir e non para ser servidos.

Como alcalde quero pedir aos grupos políticos representados nesta corporación o seu apoio na tarefa de facer un Ordes mellor. Píddolles o seu apoio, polo menos naqueles temas que son de interese xeral para todos e cada un dos veciños.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Perdóeseme o atrevemento, pero neste día, de tan sentida emoción e intensa responsabilidade, quero facer un chamamento a todos os ordenses de boa vontade, utilizando para iso unha das máis célebres citas de Castelao:

Non lle poñades chatas á obra namentres non se remata.

O que pense que vai mal que traballe nela; hai sitio para todos.

Con todos quero contar e a todos convido a participar na nobre e ilusionante tarefa de construír un Ordes con máis oportunidades.

Sei que xuntos, veciños e representantes, encontraremos as mellores solucións.

Oxalá que dentro de catro anos, cando sexamos convocados de novo ás urnas para elixir corporación, poidamos dicir: Misión cumprida.

Ese será, desde agora, o meu obxectivo.

Por vós, por min, por Ordes.

Moitas grazas.